

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020283	IES da Illa de Arousa	A Illa de Arousa	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Expresión artística	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	9
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	10
6. Medidas de atención á diversidade	11
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Expresión Artística do 4º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no IES Illa da Arousa. As características do centro educativo, do seu alumnado e da súa contorna serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

Trátase dunha materia de opción que pretende ir un paso máis alá na adquisición de competencias que se veñen tratando en cursos anteriores (1º curso da ESO e 3º curso da ESO).

No desenvolvemento dunha proposta creativa, levaranse a cabo fases de información, investigación, reflexión, análise, expresión de opinións e adopción de posicionamentos acerca de cuestións xerais ou persoais, procura de solucións propias, traballo colaborativo, avaliación, autoavaliación e exercicio do xuízo crítico. Este proceso daralle ao alumnado a oportunidade de establecer vínculos entre diferentes linguaxes e disciplinas artísticas, o que facilitará o enriquecemento das súas propias creacións, a súa percepción das obras de arte e a súa capacidade para apreciar o patrimonio cultural.

A materia favorece a experimentación coas principais técnicas artísticas e o desenvolvemento da capacidade expresiva e da creatividade, do pensamento diverxente e da innovación. Así mesmo, busca dotar o alumnado dos coñecementos, destrezas e actitudes

necesarios para comunicar a través da expresión artística. Con este obxectivo, a materia expónse como un espazo desde o que estimular o desexo de expresar unha visión persoal do mundo a través de producións artísticas propias e desde o que converter o erro ou o

fracaso nunha oportunidade de aprendizaxe. A análise e a avaliación dos procesos de creación propios, doutros artistas e doutras manifestacións culturais ao longo da historia, das experiencias vividas, das estratexias e medios utilizados, dos erros cometidos e dos progresos obtidos axudaránlle ao alumnado a tomar conciencia da creatividade como un medio de coñecemento, de resolución de problemas e de construción da propia identidade. Esta toma de conciencia, pola súa vez, favorecerá a reinversión das aprendizaxes en situacións análogas ou noutros contextos.

A materia está deseñada a partir de catro obxectivos que emanan dos obxectivos xerais da etapa e das competencias que conforman o perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, en especial dos descritores da competencia en conciencia e expresión cultural, aos que se engaden aspectos relacionados coa comunicación verbal, a dixitalización, a convivencia democrática, a interculturalidade ou a creatividade. Estes obxectivos poden traballarse simultaneamente mediante un desenvolvemento entrelazado e ha de terse en conta que, por consistir na creación de producións artísticas e culturais, a última delas require da activación das tres primeiras, isto é, da observación e valoración crítica deste

tipo de producións e da selección e do emprego tanto de técnicas plásticas como gráficas e audiovisuais. Os criterios de avaliación, que determinan o grao de adquisición dos obxectivos, deben aplicarse nunha contorna flexible e propicia para a expresión creativa do alumnado.

O carácter eminentemente práctico da materia determina a elección dos seus contidos. Estes están divididos en tres bloques:

Bloque 1. «Técnicas gráfico-plásticas», que recolle as diferentes técnicas artísticas que o alumnado ha de explorar, aprendendo a seleccionar aquelas que resulten máis adecuadas aos seus propósitos expresivos: as técnicas máis habituais no debuxo, na ilustración e

na pintura, tanto secas (debuxo a carbón, lapis de grafito, lapis composto, lapis de cores, ceras, pastel, bolígrafos ou rotuladores), como húmidas (tinta chinesa, acuarela ou pintura á augada), técnicas alternativas e mixtas (colaxe, frottage, grattage, decalcomanía, objet

trouvé, dripping, assemblage), técnicas básicas de estampaxe e técnicas de modelaxe e de creación de volume.

Bloque 2. «Fotografía, linguaxe visual, audiovisual e multimedia». Este bloque permite afondar nas aprendizaxes sobre linguaxe narrativa e audiovisual adquiridas na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual. Incidirase no proceso de creación, no deseño

de proxectos, na análise crítica da linguaxe publicitaria e da sociedade de consumo, en técnicas e formatos de fotografía e vídeo, así como nos diferentes medios de difusión das producións audiovisuais.

Bloque 3. «Debuxo técnico aplicado ás artes plásticas e ao deseño». Dota o alumnado dun instrumento eficiente para comunicarse de xeito gráfico e obxectivo, para expresar e difundir ideas ou proxectos de acordo con convencións que garantan a súa interpretación fiable e precisa, así como para desenvolver a súa visión espacial.

Como contidos transversais a estes dous bloques inclúense, entre outros, a prevención e xestión responsable dos residuos e a seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos, co fin de contribuír á educación ambiental do alumnado.

Dado o seu carácter práctico, a materia contribúe á asunción responsable das obrigas, á cooperación e ao respecto ás demais persoas; desenvolve a capacidade de traballo en equipo e a autodisciplina, ademais de promover o trato igualitario e inclusivo; favorece o espírito innovador e emprendedor, fomentando a creatividade, a iniciativa persoal e a capacidade de aprendizaxe a partir dos erros cometidos e permite participar no enriquecemento do patrimonio a través da creación de producións persoais.

A este respecto, cómpre lembrar que, dentro do proceso creador e expresivo, toda produción gráfico-plástica e audiovisual adquire sentido cando é exposta, apreciada, analizada e compartida cun público. De aí a importancia de organizar actividades nas que o alumnado se converta en espectador non só das producións alleas, senón tamén das súas propias. Isto contribuirá á súa formación integral e ao desenvolvemento da humildade; da asertividade; da empatía; da madurez emocional, persoal e académica; da autoconfianza e da socialización. En definitiva, contribuirá ao desenvolvemento da intelixencia emocional, que lle permitirá prepararse para aprender dos seus erros e para recoñecer tanto as emocións propias como as doutras persoas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar manifestacións artísticas, contextualizándoas, describindo os seus aspectos esenciais e valorando o proceso de creación e o resultado final, para educar a mirada, alimentar o imaxinario, reforzar a confianza e ampliar as posibilidades de gozar do patrimonio cultural e artístico.	2-3	3		1-2	3	1		1-2
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas gráfico-plásticas, empregando distintos medios, soportes, ferramentas e linguaxes, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver o criterio de selección das máis adecuadas a cada necesidade ou intención.			2	2	1	1-3		3-4
OBX3 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes medios, técnicas e formatos audiovisuais, descodificando as súas linguaxes, identificando as ferramentas e distinguindo os seus fins, para incorporalos ao repertorio persoal de recursos e desenvolver o criterio de selección dos máis adecuados a cada necesidade ou intención.				5	1-3			3-4
OBX4 - Crear producións artísticas, individuais ou grupais, realizadas con diferentes técnicas e ferramentas, incluído o propio corpo, a partir dun motivo ou intención previos, adaptando o deseño e o proceso ás necesidades e indicacións de realización e tendo en conta as características do público destinatario, para compartilas e valorar as oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional que poden derivarse desta actividade.	1		3	3	3-5		3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Expresións e técnicas gráfico-plásticas	Técnicas secas e húmidas; lapis de distintas durezas, lapis de cor, rotuladores, tintas e collage. O proceso creativo en dúas e tres dimensións. Análise de obra artística.	33	43	X		
2	Debuxo técnico aplicado	Construcións xeométricas fundamentais. Vistas e sistemas perspectivivos. Normalización. Introducción ó deseño gráfico.	33	29		X	
3	Comunicación visual e audiovisual	Lectura e análise dun videolip. Storyboard. A imaxe fixa e en movemento. A fotografía e o vídeo.	34	33			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Expresións e técnicas gráfico-plásticas	43

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar manifestacións artísticas de diferentes épocas e culturas, contextualizándoas, describindo os seus aspectos esenciais, valorando o proceso de creación e o resultado final e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa recepción.	Análise crítico de obra artística atendendo á composición, formato, cores e contexto.	PE	16
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de diferentes producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	O traballo de volume como ferramenta esencial para o estudo no debuxo e na pintura.	TI	84
CA1.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade na exploración de diferentes técnicas gráfico-plásticas, empregando ferramentas, medios, soportes e linguaxes diversas.	Técnicas plásticas básicas; debuxo a liña, a tinta, bolígrafo, rotuladores, etc.		
CA1.4 - Elaborar producións gráfico-plásticas de forma creativa, determinando as intencións expresivas e seleccionando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Proxecto colaborativo estudando a cor a través da mezcla de pigmentos e do collage.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Crear un produto artístico individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Fanzine como produto artístico, empregando técnicas libres.		
CA1.6 - Expoñer o resultado final da creación dun produto artístico, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Exposición do traballo de fanzine da aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os efectos do xesto e do instrumento: ferramentas, medios e soportes. Calidades plásticas e efectos visuais. - Técnicas de debuxo e pintura: técnicas secas e húmidas. - Técnicas mixtas e alternativas das vangardas artísticas. Posibilidades expresivas e contexto histórico. - Técnicas de estampaxe. Procedementos directos, aditivos, subtractivos e mixtos. - Graffiti e pintura mural. - Técnicas básicas de creación de volumes. - A arte da reciclaxe. Consumo responsable. Produtos ecolóxicos, sustentables e innovadores na práctica artística. Arte e natureza. - Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Prevención e xestión responsable dos residuos. - Exemplos de aplicación de técnicas gráfico-plásticas en diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.

UD	Título da UD	Duración
2	Debuxo técnico aplicado	29

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Participar con iniciativa, confianza e rigor na exploración da linguaxe gráfica de tipo técnico empregando distintas ferramentas.	Sistemas perspectivados.		
CA3.2 - Elaborar producións gráficas de tipo técnico con interese pola corrección, determinando as intencións comunicativas e seleccionando as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Elaboración dun cartel en parellas empregando as construcións xeométricas fundamentais.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Valorar o rigor do proceso de creación gráfica, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Exercicios de normalización e acotación de pezas ou planos.		
CA3.4 - Analizar o resultado final da creación dun produto de creación gráfica de tipo técnico, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Creación de propostas grupais para unha intervención mural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Construcións xeométricas fundamentais. - Representación obxectiva da realidade nun soporte bidimensional. Vistas (sistema europeo). Sistemas perspectivos. - Conceptos básicos de normalización. - Aplicación das construcións técnicas bidimensionais e tridimensionais nas diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.

UD	Título da UD	Duración
3	Comunicación visual e audiovisual	33

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de producións visuais, audiovisuais e multimedia, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	Introducción á linguaxe cinematográfica. Deseño dun storyboard.		
CA2.2 - Elaborar producións visuais, audiovisuais e multimedia de forma creativa, determinando as intencións expresivas, seleccionando e empregando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Intervención e realización dun libro de artista de forma colaborativa.		
CA2.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de diferentes medios, técnicas e formatos audiovisuais, descodificando as súas linguaxes, identificando as ferramentas e distinguindo os seus fins.	Introducción á linguaxe cinematográfica. Deseño dun storyboard.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Realizar producións audiovisuais, individuais ou colaborativas asumindo diferentes funcións, incorporando o uso das tecnoloxías dixitais cunha intención expresiva, buscando un resultado final axustado ao proxecto preparado previamente e seleccionando e empregando, con corrección e de forma creativa, as ferramentas e medios dispoñibles máis adecuados.	Proxecto individual fotográfico a través do retrato. Pares visuais.		
CA2.5 - Crear un produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Proxecto individual fotográfico a través do retrato. Pares visuais.		
CA2.6 - Expoñer o resultado final da creación dun produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Intervención e realización dun libro de artista de forma colaborativa.		
CA2.7 - Identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional relacionadas co ámbito visual, audiovisual ou multimedia, comprendendo o seu valor engadido e expresando a opinión persoal de forma razoada e respectuosa.	Proposta de deseño e execución a gran escala (mural) dun deseño para o patio do centro educativo, sempre que as condicións climatolóxicas e os recursos o permitan.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elementos e principios básicos da linguaxe visual e da percepción. Cor e composición. - Narrativa da imaxe fixa: encadramento e planificación, puntos de vista e angulación. A imaxe secuenciada. - Fotografía analóxica: cámara escura. Fotografía sen cámara (fotogramas). Técnicas fotográficas experimentais: cianotipia ou antotipia. - Fotografía dixital. A fotomontaxe dixital e tradicional. - Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Prevención e xestión responsable dos residuos. - Narrativa audiovisual: fotograma, secuencia, escena, toma, plano e montaxe. O guión e o storyboard. - O proceso de creación. Realización e seguimento: guión ou proxecto, presentación final e avaliación (autorreflexión, autoavaliación e avaliación colectiva). - Publicidade: recursos formais, lingüísticos e persuasivos. Estereotipos e sociedade de consumo. O sexismo e os canons corporais e sexuais nos medios de comunicación. - Campos e ramas do deseño: gráfico, de produto, de moda, de interiores, escenografía. - Técnicas básicas de animación. - Recursos dixitais para a creación de proxectos de videoarte.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Creemos na importancia dunha enseñanza integradora, baseada na complementariedade de distintos métodos, que se adapte á diversidade do alumnado, con tarefas de distinta duración ó longo do curso, traballo individual e en grupo, e que plante revisións según as necesidades que vaian surxindo nos distintos grupos e momentos do curso escolar.

O rol da profesora debe ser ó mesmo tempo o de guía e mediadora, basándonos sempre no coñecemento e vinculando entre sí os distintos bloques de contidos da materia, na medida do posible. Favorecese a creación de aprendizaxes significativos, partindo de coñecementos previos e centrándonos nunha ensinanza constructivista que respetará os distintos ritmos de aprendizaxe e as intelixencias múltiples.

Para o deseño das actividades, como norma xeral, emplearase unha metodoloxía de investigación baseada en artes, que fará fincapé no enfoque interdisciplinar, apoiando a presenza das artes en distintas disciplinas así como no mundo laboral actual, relacionando os coñecementos entre sí así como con outras materias do nivel educativo, cando sexa posible.

En canto á avaliación, o alumnado sereá avaliado mediante traballos ou probas escritas. Ó longo do curso o alumnado poderá, sempre que así o desexe, repetir ou mellorar un traballo suspenso para subir nota de cara a avaliación trimestral e final.

Será importante a consulta semanal da aula virtual para o seguimento e reforzo dalgunhos aspectos da materia. O aprendizaxe autónomo, así como o desenvolvemento do pensamento crítico, considéranse parte esencial do proceso de ensinanza-aprendizaxe desta materia.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material e recursos Expresión Artística

MATERIAL

O seguinte material, especificado na aula virtual, traerase tódolos días á clase como norma xeral, a non ser que se especifique o contrario.

Lapis de grafito de dureza HB e lapis 2B (sempre afilados).

Portaminas: tamaño 0.5 e con punta metálica alargada (evitaremos as puntas cónicas).

Goma branda.

Afialapis.

Regra de 30 cm de lonxitude (rígida, non flexible).

Escuadra e cartabón de uns 25/28 cm, sen cantos escalonados e preferiblemente sen graduación.

Compás: mellor se permite dobrar as súas patas hacia adentro para facilitar o trazado de arcos pequenos.

Caixa de lápices de cores de 24 unidades.

Folios A4 blancos e/ou reciclados.

Nota: Ó longo do curso, faremos distintas actividades nas que ocasionalmente poderemos necesitar outro tipo de material non especificado na PD (cartulina, tintas, pinceis, revistas vellas...).

Nese caso a profesora especificará o material antes da clase. En calquera caso, non traer o material necesario para o traballo na aula poderá penalizar a nota do traballo en cuestión.

Se un alumno/a non trae o material a clase 3 días no trimestre se lle mandará unha falta de orde. O material é fundamental para o desenvolvemento dunha materia como Expresión Artística.

RECURSOS

A aula específica de debuxo estará disponible para os cursos de 1º, 3º e 4º de ESO.

Por norma xeral, as clases daranse na aula de debuxo. En ocasións puntuais poderanse plantexar actividades no patio escolar ou na biblioteca, sempre que esten disponibles estes espazos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

1. PROPÓSITO DA AVALIACIÓN INICIAL:

Debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e do alumnado que o integra e servir como punto de partida para a contextualización do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar, a organización da aula,... así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado. Realizarase nas primeiras dúas semanas de curso.

2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

A segunda fase da avaliación inicial, coincidente coa de calquera proceso de avaliación, é a recollida de información. Tratarase de manter o equilibrio entre recoller todos aqueles datos que sexan precisos para o que se quere facer e centrarse só naqueles que sexan útiles para a decisión a tomar.

Os aspectos sobre os que recoller información nas sesións de avaliación serán:

- Competencia curricular: comunicación, autonomía e habilidades.
- Características do alumno/a: intereses, motivación, aptitudes e dificultades.
- Entorno: contexto educativo, familiar ou social.

O formato de recollida de información pode ir desde elaboración de cuestionarios como tarefas na Aula Virtual do centro, cuestionarios en papel, ata conversas informais, debates, etc.

A reunión de avaliación inicial co equipo docente e o Departamento de Orientación, así como a información aportada polo titor do grupo, axudará a completar a información recollida e poñela en común.

3. TOMA DE DECISIÓNS:

Unha vez analizada toda a información, tomaranse decisións sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo: deseñar adaptacións curriculares e reforzos nos casos necesarios.
- Respecto á forma de traballar na aula: organizar grupos, mesas, distribuír o material...
- Respecto a aspectos organizativos: distribución das unidades didácticas, organización da avaliación...

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	33	34	100
Proba escrita	16	0	0	5
Táboa de indicadores	84	100	100	95

Criterios de cualificación:

Os distintos procedementos de avaliación empregados na presente PD, como a observación directa e sistemática do traballo do alumnado na aula, as probas orais e escritas e o portfolio, permitirán a integración xeral de tódalas competencias.

Empregaranse os seguintes criterios de calificación por trimestres:

1º Trimestre:

Rúbrica (traballos): 84%

Rúbrica (probas escritas): 16%

2º Trimestre:

Rúbrica (traballos): 100%

3º Trimestre:

Rúbrica (traballos): 100%

A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais, otorgándolle un 33,33% de peso a cada un deles.

No caso de decimais na nota final de cada avaliación e na cualificación final seguiranse os seguintes criterios:

- Decimais menores a 5 serán redondeados á enteiro inferior (exemplo: 6,4 correspóndelle un 6 na avaliación).
- Decimais iguais ou maiores a 5 serán redondeados ao enteiro superior (exemplo: 6.6 correspóndelle un 7 na avaliación)

Criterios de recuperación:

Ó longo do curso o alumnado poderá, como norma xeral e sempre que a súa implicación na materia fora positiva, volver a repetir aquelas actividades e traballos que estean suspensos e considere mellorar a súa calificación.

Para isto, establecerase unha data límite para as entregas dos traballos de recuperación do 1º e 2º trimestre (1 de Xuño), co obxectivo de que o alumnado poida recuperar estes trimestres e así centrarse ata o final de curso na superación do 3º trimestre.

Estes traballos de recuperación serán unha selección daqueles fundamentais para comprobar a adquisición dos coñecementos considerados esenciais na materia de Expresión Artística.

Cando unha alumna ou un alumno non supere o curso por avaliacións, realizaráselle unha proba escrita de recuperación en Xuño. Os contidos para esta proba final poderán ser calquera dos do curso académico. O curso será superado cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

No caso de decimais na cualificación final seguiranse os seguintes criterios:

- Decimais menores a 5 serán redondeados á enteiro inferior (exemplo: 6,4 correspóndelle un 6).
- Decimais iguais ou maiores a 5 serán redondeados ao enteiro superior (exemplo: 6.6 correspóndelle un 7)

6. Medidas de atención á diversidade

A presente PD elabora e diseña diferentes tipos de materiais, adaptados ós distintos niveis e ritmos de aprendizaxe, deixando sempre aberta a posibilidade de profundizar máis ou menos según a idiosincrasia propia de cada grupo. A continuación, detallamos as medidas xerais e específicas para aqueles casos de ACNEAE máis presentes nas aulas.

Medidas educativas xerais:

Como primeira medida xeral, adaptarámonos sempre ó nivel do grupo e seremos flexibles á hora de organizar as actividades, relentizando o proceso se fora necesario facer un repaso de cuestións vistas en cursos anteriores despois da avaliación inicial ou outros momentos do curso escolar. A variedade metodolóxica empregada na presente PD e nas distintas UD favorece actividades de diferente carácter (individuais, en parellas, en grupos, de investigación, de resolución de problemas, de experimentación...) que van ir adaptándose á diversidade presente entre o alumnado de educación secundaria.

Medidas educativas específicas (exemplos).

Alumnado TDA/TDAH

Un alumno/a que presenta "Trastorno por déficit de atención con ou sen hiperactividade" xeralmente manifiesta un patrón persistente de desatención e/ou hiperactividade impulsiva, que pode repercutir negativamente no seu rendimento escolar, polo que presenta necesidades específicas de apoio educativo.

Adaptación da metodoloxía:

- Facer preguntas sencillas e de maneira frecuente.
- Acercarse ó alumno/a se vemos que está perdendo o fío da explicación.
- Complementar a información oral e escrita coa información visual.
- Escribir na pizarra ou a Aula Virtual as instrucións das tarefas.
- Permitir que se levante e adxudicarlle tarefas como limpiar o encerado ocasionalmente.
- Asegurarnos de que anota na axenda as tarefas e o material necesario ou mandar ocasionalmente un abalar a casa.

Adaptación das actividades e tarefas:

- As distintas actividades plantexan distintos grados de adquisición dos contidos e competencias.

Adaptación dos recursos didácticos, tempos e espazos:

- Colgar vídeos na Aula Virtual como material complementario ó visto na aula.
- Colocar ó alumno/a cerca da pizarra e o profesor.
- Emplear técnicas de aprendizaxe colaborativo; en parellas e grupos.
- Deixarlle descargar tensión se fora necesario, saíndo ó servizo fóra da clase de maneira ocasional.

Adaptación de procedimentos e instrumentos de avaliación:

- Avisar con antelación da realización de probas escritas ou orais.
- Revisar con él/ela as preguntas para asegurarnos que entendeu o que se pide.
- Avaliar de forma continua, valorando o proceso de traballo ademais do resultado final.

Alumnado AACCI

Un alumno/a que presenta "Altas capacidades intelectuais" manexa e relaciona múltiples recursos cognitivos ou ben destaca especialmente nun ou varios deles, polo que pode presentar necesidades específicas de apoio educativo.

Adaptación da metodoloxía:

- Utilizar unha metodoloxía aberta e flexible.
- Fomentar o diálogo e a comunicación, así como unha atmósfera na aula de respecto e comprensión.
- Programar actividades para o desenvolvemento social e afectivo do alumnado.
- Facilitar a autonomía no proceso de aprendizaxe.
- Potenciar o pensamento diverxente e independente no alumnado.
- Utilizar a ensinanza tutorizada, poidendo axudar de maneira puntual ó alumnado que necesite reforzo.

Adaptación das actividades e tarefas:

- As distintas actividades plantexan distintos grados de adquisición dos contidos e competencias.

Adaptación dos recursos didácticos, tempos e espazos:

- Organizar os espazos na aula de forma flexible (mesas individuais, en parellas ou grupos).
- Crear rincons na aula e no centro educativo que favorezcan a ampliación de coñecementos, tamén fóra do horario da materia.
- Poner á súa disposición material bibliográfico ou videográfico que poidan consultar para ampliar o seu coñecemento da materia.

Adaptación de procedimentos e instrumentos de avaliación:

- Propoñer actividades que permitan diferentes grados de profundización.
- Empregar programas informáticos para a realización de traballos de investigación nalgún aspecto da materia, sempre que os recursos do centro de ensino así permitan.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X		X
ET.3 - Comunicación audiovisual			X
ET.4 - Competencia dixital			X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable		X	X
ET.11 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X
ET.12 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X

Observacións:

Segundo se recolle no decreto que regula a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria, os elementos transversais deberán tratarse en todas as materias do curso. Recollemos neste listado todos os que son obrigatorios e tamén os que consideramos importantes para a materia e a formación do noso alumnado.

Deberemos telos en conta á hora de seleccionar os materiais cos que se traballará, sexa en formato texto, imaxes ou contidos audiovisuais. Tamén no deseño das actividades que o alumnado porá en práctica, na organización dos equipos de traballo, na orientación dos debates que xurdan, etc.

Algunhas concrecións dos elementos transversais citados son as seguintes:

- Na educación para a igualdade de xénero, evitanse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

- En canto ao emprendemento social e empresarial e á creatividade, trataremos de afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

- Na cooperación entre iguais e a prevención e resolución de conflitos, fomentaranse os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e polo Estado de dereito, así como o rexeitamento da violencia terrorista, racista ou calquera outro tipo de violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a un museo da contorna	Visita guiada pola colección temporal ou permanente dun museo próximo á localidade.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
Ao comezo da unidade, o alumnado coñece os obxectivos e competencias que se van traballar, as actividades a realizar...
Metodoloxía empregada
Fanse explicacións xerais con claridade para todo o alumnado.
Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
As actividades foron variadas e motivadoras.
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
Combínase o traballo individual e en equipo.
Poténcianse estratexias de animación á lectura.
Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
Analízase e comeéntase co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos...
Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación
Dáse un perso real á observación do traballo na aula
Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE
Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.

Clima de traballo na aula
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumno.
Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado
Outros
Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas/traballo, etc.
Valórase o traballo e o esforzo
O alumnado e as familias teñen acceso á programación

Descrición:

Establécense os indicadores de logro do seguinte xeito:

- 1) Indicadores de logro da práctica docente.
- 2) Indicadores de logro do proceso de ensino.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará cando sexa necesario o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens por avaliación trimestral, recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Toda esta información xunto coa referida aos contidos, metodoloxía, avaliación, etc., será valorada polo docente e os/as membros do Departamento indicando, sobre todo, as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.). De todo isto se elaborará un informe final nas actas do departamento.

Para avaliar o proceso de ensino deben empregaranse os indicadores de logro establecidos na programación e comprobar o seu grao de cumprimento.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora que fosen necesarias poñer en práctica nos cursos sucesivos, procurando ir axustando a programación á temporalidade e á realidade.

9. Outros apartados